



Concello de Noia

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL DIDÁCTICO E PARA O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR PARA EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

Primeira: Obxecto e finalidade das axudas.

As axudas que se convocan mediante as presentes bases teñen coma obxecto o cofinanciamento da adquisición dos libros de texto e material didáctico, e do servizo do comedor escolar, dos alumnos de ensinanza infantil e primaria, así coma dos centros de ensino especial, nos supostos nos que non sexa posible a escolarización nos centros de Noia.

Con estas axudas perséguese a correcta escolarización dos nenos/as pertencentes ás familias empadroadas no Concello de Noia, que cumpran os requisitos da base 5ª. Igualmente, perséguese facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, mediante a axuda do financiamento do comedor escolar.

As presentes axudas pódense cualificar coma de subvencións "en especie" na medida en que serán entregados os bonos ás familias beneficiarias para a súa entrega nunha librería-papelería ou establecemento colaborador sito no Concello de Noia, e a entrega de bonos de comedor escolar á entidade que o xestione en cada caso.

Segunda: Modalidades.

As axudas reguladas na presente convocatoria responderán á seguinte tipoloxía en función do seu obxecto:

A. Axudas destinadas á adquisición de libros de texto e material didáctico en calquera modalidade (impresos, audiovisuais, multimedia, electrónicos), para alumnos de ensinanza infantil e primaria, matriculados en colexios públicos ou centros concertados sitos no termo municipal de Noia e para alumnos de centros de ensino especial situados fora do termo municipal, nos supostos nos que non sexa posible a escolarización nos centros noieses.

No concepto de material escolar inclúese o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das diferentes obrigas establecidas polo colexio así coma das técnicas de aprendizaxe utilizadas (mandilón, chandal do colexio ao que asiste o/a alumno/a, material informático, etc...).

B. Axudas destinadas ao financiamento do servizo de comedor escolar, para alumnos de ensinanza infantil e primaria matriculados en colexios públicos ou centros concertados sitos no termo municipal de Noia, abarcando o período que vai do mes de setembro ao mes de xuño (ambos incluídos). Igualmente, incluíranse os alumnos dos centros de ensino especial situados fora do termo municipal, nos supostos nos que non sexa posible a escolarización nos centros noieses.

Terceira: Contía das axudas

A contía das axudas variará en función da renda per cápita familiar, sen que en ningún caso poda superar o 100%, e determinarase en cada convocatoria en función da consignación orzamentaria.

A contía das axudas para adquisición de libros de texto e material escolar ascenderá a 30 €, mentres que as de financiamento do comedor escolar variarán segundo os seguintes criterios económicos:

Concello de Noia



Concello de Noia

- Para a renda per cápita familiar igual ou inferior á terceira parte do SMI de referencia ascenderá a 50 €/mes, agás os meses de setembro e xuño nos que o importe da axuda ascenderá ao 70% do concedido.
- Para a renda per cápita familiar superior á terceira parte do SMI anual de referencia ascenderá a 30 €/mes, agás os meses de setembro e xuño nos que o importe da axuda ascenderá ao 70% do concedido.

Cuarta: Dotación orzamentaria.

A dotación orzamentaria para a concesión das subvencións, tanto para libros e material coma para o comedor escolar, atópanse consignadas na partida 326 48000 "Servizos complementarios: Ensino. Axudas material e comedor escolar".

A concesión das subvencións para o servizo de comedor escolar afecta dous exercicios diferentes, en tanto está vinculada ao curso escolar; así, no ano da convocatoria se realizará unha retención de crédito para o financiamento do servizo de comedor escolar dos meses que van dende setembro a decembro, e para o exercicio posterior ao da convocatoria, deberase consignar a cantidade necesaria para o financiamento do servizo de comedor escolar dos meses que van dende xaneiro a xuño do curso escolar.

En calquera caso, os meses de setembro e de xuño só se financiará o 70% do importe outorgado mensualmente.

A dotación orzamentaria destinada a calquera dos dous tipos de axudas poderá ser complementada de consideralo necesario e sempre que exista a previa dotación orzamentaria.

Unha vez adxudicadas as axudas para adquisición de libros de texto e material escolar, de existir remanente, este pasará a incrementar a retención para os comedores escolares.

Quinta: Beneficiarios.

Poderán ter a condición de beneficiarias as familias que cumpran os seguintes requisitos mínimos:

- A.** Todos os membros da unidade familiar deberán estar empadroados no Concello de Noia, cun mínimo de 6 meses de antigüidade, agás os supostos excepcionais previamente acreditados polos servizos sociais municipais.
- B.** Ter algún fillo/a matriculado/a nalgún curso de educación infantil ou primaria, nun centro público ou concertado sito no termo municipal de Noia, para o vindeiro curso escolar.
- C.** Non superar os ingresos brutos per cápita da unidade familiar en que estea integrado o/a neno/a, a cantidade do salario mínimo interprofesional anual correspondente aos dous anos anteriores á convocatoria das axudas.

Sexta: Solicitude e documentación necesaria.

A. Presentación das solicitudes.

Concello de Noia



Concello de Noia

As solicitudes para participar axustaranse ao modelo establecido que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e tamén está á disposición dos/as interesados/as na sede electrónica do Concello.

A presentación de solicitudes, unha vez cumprimentadas polos interesados, farase no Rexistro Xeral do Concello ou tamén a través da sede electrónica do Concello de Noia e na forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. Fotocopia do DNI de tódolos membros da unidade familiar, definidos na base sétima A 3 a); no seu defecto, poderase presentar fotocopia do libro de familia, na que consten tódolos membros.

2. Acreditación da capacidade económica: existen varias fórmulas segundo as circunstancias familiares:

i. Fotocopia da declaración da renda das persoas físicas **correspondente aos dous exercicios anteriores á convocatoria**. No caso de non estar obrigado pola Axencia Tributaria a presentala, deberase achegar certificación da AEAT.

Os solicitantes que o desexen poderán autorizar ao Concello de Noia a solicitar ante a AEAT os datos relativos ao imposto sobre a renda das persoas físicas requiridos.

ii. Para os casos nos que non exista a obriga de presentación da declaración da renda, os ingresos anuais poderanse xustificar mediante a presentación dalgún dos seguintes documentos, sempre referidos aos dous exercicios anteriores á convocatoria:

- Certificado do INEM, no caso de recibir prestación ou subsidio de desemprego.
- Certificación do Instituto da Seguridade Social ou organismo correspondente no caso de percibir pensión contributiva de xubilación, invalidez, viuvez ou orfandade.
- Certificación acreditativa no caso de percibiren ingresos procedentes de pensións non contributivas, fondos de asistencia social, rendas de integración social de Galicia ou da lei de integración social das persoas con discapacidade.

iii. Para os casos nos que a capacidade económica da unidade familiar experimentara un deterioro significativo en relación co exercicio utilizado para a análise da capacidade económica, os solicitantes interesados poderán manifestar tal circunstancia acreditando a nova situación económica, achegando a documentación xustificativa correspondente ao exercicio anterior á convocatoria das axudas, así coma a correspondente aos dous exercicios anteriores á convocatoria das axudas (coa finalidade de acreditar o deterioro). Así mesmo, deberán acreditar documentalmente o motivo do deterioro económico (despido, liquidación empresarial, etc.).

Excepcionalmente, para aqueles casos que consten nos servizos sociais do Concello cualificados coma de problemática social grave, a solicitude poderá

Concello de Noia



Concello de Noia

ser instada de oficio por estes. Neste caso, a documentación anterior será substituída pola documentación que considere a educadora familiar, así coma o seu informe.

En calquera caso, **é obrigatoria a acreditación dos ingresos ou da súa inexistencia**, ben mediante a documentación antes citada ou mediante o correspondente informe sociofamiliar.

A acreditación da matriculación nalgún dos centros de educación infantil e primaria, públicos ou concertados, sitos en Noia, realizarase directamente polos centros instándose a estes efectos desde o Concello.

B. Prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes deberanse presentar no **prazo de quince días hábiles**, contado a partir do día seguinte ao da publicación da oportuna convocatoria no Boletín Oficial da provincia de A Coruña, data na que se dará publicidade no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Noia.

Sétima: Procedemento.

A. Exame das solicitudes.

O estudo das solicitudes realizarase pola Comisión de valoración, integrada polos seguintes membros: a axente de desenvolvemento local, a pedagoga de servizos sociais de atención primaria, a interventora municipal, a concelleira delegada de educación e o alcalde ou concelleiro no que delegue; ou persoas que as substitúan accidentalmente. Esta comisión será nominativamente identificada en cada convocatoria aos efectos da súa recusación.

O exame das solicitudes implicará a comprobación previa tendente a verificar que os solicitantes reúnen os requisitos esixidos.

No caso de que algunha das solicitudes tivese algún erro ou omisión emendable, seralle comunicado aos interesados para que no prazo máximo e improrrogable de cinco días naturais poida emendar a falta.

Se os erros non se corruxisen ou non se cumprisen os requisitos mínimos para ser beneficiario, non se admitirá a solicitude.

Os únicos criterios que se utilizará para adxudicar as axudas será a renda per capita e a necesaria existencia de consignación orzamentaria. Así, as solicitudes ordenaranse de menor a maior renda per capita, tendo en conta as seguintes definicións:

- a) RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: esta é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal correspondente aos dous exercicios anteriores á convocatoria das axudas, entre o número de membros da unidade familiar.

A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros da unidade familiar que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Concello de Noia



Concello de Noia

Cando os ingresos se acrediten mediante a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas, a referencia será a suma da base imponible xeral e a base imponible do aforro.

No resto dos casos, teranse en conta os ingresos totais facilitados pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ou os obtidos dos certificados emitidos por outra Administración (INEM, Instituto da Seguridade Social, etc...).

- b) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR: Entenderase coma unidade familiar ó núcleo formado polo matrimonio ou parella de feito (aínda que non estea legalmente constituída coma tal e sempre conforme aos datos do padrón), así coma os ascendentes e descendentes menores de vinte e cinco anos que convivan con eles no mesmo domicilio. Nos casos nos que algún dos membros da unidade familiar así entendida, estea afectado por unha discapacidade legalmente cualificada, que resida no mesmo domicilio e dependa economicamente dos ingresos familiares, computará do seguinte xeito:
- Cando a discapacidade sexa igual ou superior a un 33% e inferior a un 65%, esa persoa computará coma dous membros.
 - Cando a discapacidade sexa superior a un 65%, esa persoa computará coma tres membros.

Practicada a valoración e clasificación das solicitudes, a Comisión de valoración emitirá un informe no que se concrete a orde de asignación das axudas así coma o importe correspondente a cada un dos posibles beneficiarios dentro do límite das disponibilidades orzamentarias existentes.

B. Órgano Instrutor

O órgano instrutor será a concelleira/o delegada/o de educación.

Segundo establece o artigo 13 da ordenanza de subvencións do Concello de Noia, o órgano instrutor, á vista do informe da comisión de valoración, formulará proposta de resolución provisional, que deberá notificarse aos interesados concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

Esta notificación realizarase colectivamente no taboleiro de anuncios así como na sede electrónica do Concello de Noia, identificando cada solicitude co número asignado co rexistro de entrada do documento de solicitude, a fin de respectar a normativa en materia de protección de datos.

Examinadas as alegacións aducidas polos interesados e previo exame e informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva, quedando vinculado polo devandito informe.

C. Resolución

O órgano municipal competente para resolver sobre a concesión ou denegación da axuda será o alcalde ou concelleiro no que delegue, sendo vinculante a tal efecto a proposta de resolución.

A resolución ditarase no prazo máximo de tres meses dende a data de finalización de presentación de solicitudes e deberá conter:

Concello de Noia



Concello de Noia

- A relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención.
- A contía da axuda asignada a cada solicitante.

A resolución notificarase aos interesados que foran propostos como beneficiarios na fase de instrución, para que no prazo de dez días naturais comuniquen a súa aceptación.

A notificación realizarase da mesma forma que a provisional, mediante a publicación colectiva no taboleiro de anuncios así como na sede electrónica do Concello de Noia, identificando cada solicitude co número asignado co rexistro de entrada do documento de solicitude, a fin de respectar a normativa en materia de protección de datos.

Oitava: Xestión cos beneficiarios.

Unha vez ditada a resolución e notificada aos beneficiarios, estes deberán asinar a súa aceptación e, para o caso dos beneficiarios para o financiamento do servizo de comedor, un compromiso de permanencia no servizo durante o vindeiro curso escolar.

Este compromiso revisarase cada tres meses e no caso de que o beneficiario non teña intención de continuar utilizando o servizo de comedor, deberá presentar a renuncia á axuda deste servizo a través do rexistro de entrada do Concello ou a través da sede electrónica do Concello de Noia, a fin de que outro solicitante non perda a posibilidade de subvención.

Por outra banda, os centros educativos ou a ANPA (como entidade encargada da xestión do comedor) poderán emitir un informe no que comuniquen ao Concello que algún dos beneficiarios da axuda ao financiamento do servizo de comedor, non está facendo uso de dito servizo. As obrigas destas entidades colaboradoras determinaranse no correspondente convenio de colaboración.

Así, a comisión de valoración volverase a reunir trimestralmente e determinará o posible incremento dalgunha das axudas ou a concesión da axuda a algún solicitante descartado de inicio polo importe que corresponda.

Unha vez aceptadas as axudas, o Concello entregará un xustificante acreditativo da condición de beneficiario, podendo este:

- > No supostos das axudas para material escolar: recoller o material escolar en calquera librería-papelería ou establecemento colaborador do Concello de Noia, canxeando o documento correspondente **antes do 30 de novembro do ano en curso.**
- > No suposto dos bonos do comedor: O Concello informará aos centros educativos ou a ANPA (como entidade encargada da xestión do comedor) dos alumnos que resultaron beneficiarios da axuda de comedor co fin de que lle emitan o recibo coa redución do importe concedido ou, nos supostos de beneficiarios na modalidade extraordinaria (base 3ª b), que dito recibo non sexa emitido.

Novena: Lista de espera.

Unha vez concedidas as axudas mediante esta convocatoria ordinaria, crearase unha lista de espera que incluírá aquelas solicitudes que non resultaran atendidas na primeira convocatoria, podéndose incorporar aquelas outras que,

Concello de Noia



Concello de Noia

con carácter excepcional e debidamente xustificado ante a comisión avaliadora, procedan dunha variación nas circunstancias (en relación coas valoradas na convocatoria ordinaria) que xere unha situación carencial ou excepcional no alumnado.

Ante unha solicitude destas características, a comisión avaliadora baremará a solicitude, informando do lugar que lle corresponde na lista de espera creada.

A concesión de axudas a novos beneficiarios a través da lista de espera realizarase trimestralmente, facéndoa coincidir cos pagos.

Décima: Xestión coas librarías ou establecementos colaboradores.

Para os casos nos que o importe dos libros e/ou material escolar sexa inferior ao valor do vale, o persoal do establecemento deberá introducir no recadro establecido ao efecto a contía exacta da venda, sendo este o importe que pode facturar ao Concello.

Coa factura deberanse achegar os vales presentados polos beneficiarios.

O establecemento receptor dos vales non poderá, en ningún caso, requirir á persoa beneficiaria que lle anticipe o importe do vale, nin que lle entregue o vale antes da recepción do material.

A factura da librería ou establecemento colaborador **deberase achegar dentro do exercicio no que sae publicada a convocatoria das axudas**. As librarías-papelerías ou establecementos colaboradores non poderán facturar os vales con posterioridade **ao 15 de decembro do ano en curso**.

Undécima: Compatibilidade da subvención.

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de axudas ou subvencións.

Duodécima: Normativa de aplicación.

As presentes bases réxese pola ordenanza xeral de subvencións do Concello de Noia, de data 1 de febreiro de 2005 (BOP da Coruña, núm. 25, de 1 de febreiro de 2005), así coma pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.